



A resolución do 7 de setembro de 1994, (D.O.G. do 26 de setembro) pola que se regula a compulsua e expedición de copias de documentos na Universidade de Santiago de Compostela, establece no seu apartado décimo noveno, verbo dos documentos que se aporten xunto coa instancia que inicie procedementos, que o encargado do rexistro certificará a identidade entre a orixinal e a copia consignando un selo no que declara a compulsua.

No apartado vixésimo terceiro declárase exento do pagamento de compulsas, entre outros supostos de feito, a documentación esixida para a admisión de alumnos e para a formalización de matrícula.

Os procedementos de acceso e ingreso na Universidade, son procedementos masivos que se realizan nun curto período de tempo, e que por economía procedemental as instancias non se presentan nos rexistros, senón directamente nas unidades encargadas da súa xestión, polo que a declaración de compulsua non pode realizala a persoa encargada do rexistro.

Co obxecto de facer adecuada necesaria declaración de identidade entre o documento orixinal e a copia que presente o solicitante, cómpre recoñecer tal facultade ós funcionarios que teñan encomendada a responsabilidade de ditos procedementos.

Deste xeito e de forma excepcional, procede autorizar, só para os procedementos sinalados, nesta Resolución, ademais dos órganos establecidos na Resolución do 7-IX-94, e durante o período de matriculación, que determinados funcionarios poidan realizar compulsas de documentos orixinais que obrigatoriamente teñan que aportar nestes procesos.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- COMPETENCIA PARA A COMPULSA DE COPIAS.

Ós efectos do disposto no apartado décimo noveno da Resolución Rectoral do 7 de setembro de 1994, verbo da certificación de identidade entre orixinais e copias, esta competencia recoñécese ó Xefe da Sección de Xestión e Admisión de Alumnos, ó Xefe do Negociado de Admisión de Alumnos e a Xefa do Negociado de Alumnado e Información do Campus de Lugo e máis o persoal funcionario que exerza as tarefas de auxiliar dependente das ditas unidades, tanto nos procedementos que fagan referencia ás peticións, como ós recursos ou reclamacións, dos seguintes procesos:

- a) Acceso á Universidade para Maiores de 25 anos.
- b) Probas de Acceso á Universidade.
- c) Ingreso en titulacións con límite de prazas, xa sexan no primeiro ou no segundo ciclo.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

d) Solicitudes de distrito compartido.

e) Calquera outro procedemento de inscrición, acceso, matriculación ou análogo que sexa tramitado perante o servizo de alumnado de Santiago ou Lugo.

SEGUNDO.- ANTEFIRMA

A declaración de compulsa farase consonte á fórmula establecida no apartado décimo noveno da resolución citada, debendo engadir entre parénteses, e antes da sinatura dos funcionarios, a data da presente resolución.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 1998

O RECTOR

Dario Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL
SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO
SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA
SR. XEFE DO SERVIZO DE ALUMNADO